

1. ¿Como se chama a única porta da muralla medieval que se conserva en Santiago de Compostela?

- a) Porta da Pena
- b) Porta da Mámoa
- c) Porta de Mazarelos
- d) Porta Faxeira

2.- A Casa da Troia ten unha exposición permanente sobre:

- a) Cerámica Galega
- b) A tuna universitaria
- c) Arte sacro troiano
- d) As Peregrinacións

3.- A fonte dos cabalos está na:

- a) Praza de Fonseca
- b) Praza do Obradoiro
- c) Praza das Praterías
- d) Praza do Toural

4.- ¿En que Pazo encontraremos un Atlas levando o mundo ás súas costas?:

- a) Raxoi
- b) Bendaña
- c) Santa Cruz
- d) Lestedo

5.- ¿Cal é o nome da igrexa coñecida popularmente como a “das catro Sotas”?

- a) Santa María do Camiño
- b) Santa Susana
- c) San Fructuoso
- d) San Domingo de Bonaval

6.- O edificio do Auditorio de Galicia é obra de:

- a) Cano Lasso
- b) Álvaro Siza
- c) Alberto Noguero
- d) Norman Foster

7.- ¿Onde se atopa o Teatro Principal de Santiago de Compostela?

- a) Praza de Mazarelos
- b) Rúa do Vilar
- c) Rúa Nova
- d) Praza do Toural

8.- ¿Cando se abre a Porta Santa da Catedral?

- a) Ábrese o 1 de xaneiro e péchase o 31 de decembro do Ano Santo
- b) Ábrese o 31 de decembro do ano anterior ao Ano Santo
- c) Ábrese o 5 de xaneiro.
- d) Ningunha das anteriores

9.- ¿Por que un ano é Xacobeo?

- a) Porque o decide o Vaticano
- b) Porque o 25 de xullo é domingo
- c) Porque o decide a Xunta de Galicia
- d) Porque é un ano bisesto

10.- Os peregrinos franceses entraban en Santiago por:

- a) Rúa de San Pedro
- b) Rúa do Hórreo
- c) Rúa do Preguntoiro
- d) Rúa de Pastoriza

11.- Nun aparcadoiro con 820 prazas que está ao 70 % de ocupación, ¿cantas prazas ten libres?

- a) 290
- b) 246
- c) 572
- d) 574

12.- Nun aparcadoiro de 480 prazas hai 288 ocupadas. ¿Que porcentaxe de prazas quedan libres?

- a) 40 %
- b) 50 %
- c) 60 %
- d) 70 %

13.- O encargado dun aparcadoiro decide que, cando menos, o 18 % das prazas totais do mesmo non poden ocuparse para que os abonados teñan onde estacionar. ¿Cantas prazas terá dispoñibles para ocupar por non abonados segundo este cálculo un aparcadoiro de 1.500 prazas?

- a) 1.120 prazas
- b) 270 prazas
- c) 1.230 prazas
- d) 280 prazas

14.- Un aparcadoiro entraron 225 vehículos nun día, e a recadación foi en total de 497,65 €. ¿Cal foi a recadación media por vehículo redondeando a 2 decimais?

- a) 2,26 €
- b) 2,25 €
- c) 2,22 €
- d) 2,21 €

15.- Nun aparcadoiro con 800 prazas, que está ao 72% de ocupación, cantas prazas hai libres?

- a) 225
- b) 224
- c) 576
- d) 577

16.- Nun aparcadoiro con 1.500 prazas, que está ao 35% de ocupación, cantas prazas hai ocupadas?

- a) 975
- b) 950
- c) 515
- d) 525

17.- Un aparcadoiro de 860 prazas ten ocupadas 516. Que porcentaxe de prazas quedan libres?

- a) 50%
- b) 40%
- c) 60%
- d) 70%

18.- Unha empresa dispón dun aparcadoiro de 1.850 prazas e decide que un 24% das prazas totais se destinen a abonados. ¿Cantas prazas quedarían dispoñibles para rotación?

- a) 444 prazas
- b) 445 prazas
- c) 1.405 prazas
- d) 1.406 prazas

19.- Unha empresa dispón dun aparcadoiro de 1.750 prazas e decide que un 18% das prazas totais se destinen a abonados. ¿Cantas prazas estarían dispoñibles para os abonados?

- a) 315 prazas
- b) 317 prazas
- c) 318 prazas
- d) 319 prazas

20.- Nun aparcadoiro estacionaron 325 vehículos nun día, e a recadación foi de 485,27 €. Cal foi a recadación media por vehículo redondeando a 2 decimais?

- a) 1.48 €
- b) 1,49 €
- c) 1,50 €
- d) 1,51 €

21.- O importe dun ticket é de 8,05 € (IVE incluído). Canto é o importe sen IVE, tendo en conta que o IVE dos aparcadoiros é dun 21%?

- a) 6,63
- b) 6,64
- c) 6,65
- d) 6,66

22.- Se a tarifa media dun día no aparcadoiro foi de 2,52 € e a recadación foi de 423,36 € no total do día, ¿cantos vehículos estacionaron ese día no aparcadoiro?

- a) 162 vehículos
- b) 172 vehículos
- c) 178 vehículos
- d) 168 vehículos

23.- Non é tarefa do axente de aparcadoiro, segundo o convenio colectivo de TUSSA:

- a) Revisar diariamente a cinta e os tickets cobrados durante o día
- b) Atender e informar aos clientes
- c) O control da caixa
- d) Recollida, valoración e cobro de tickets

24.- A xornada laboral, segundo o convenio colectivo de TUSSA é de:

- a) 1.740 horas anuais
- b) 1.730 horas anuais
- c) 1.750 horas anuais
- d) 1.760 horas anuais

25.- En caso de matrimonio, terá un permiso retribuído segundo o convenio colectivo de TUSSA:

- a) 16 días hábiles
- b) 15 días naturais
- c) 15 días hábiles
- d) 16 días naturais

26.- A data de vencemento do convenio colectivo de TUSSA é de:

- a) 31 de decembro de 2023
- b) 31 de decembro de 2024
- c) 31 de decembro de 2025
- d) 31 de decembro de 2026

27.- ¿Cal das seguintes categorías non é unha categoría segundo o convenio colectivo de TUSSA?:

- a) Axente de estación
- b) Auxiliar administrativo
- c) Gruísta
- d) Operario/a de mantemento

28.- ¿Cal das categorías indicadas non pertence ao grupo operativo segundo convenio colectivo de TUSSA?:

- a) Axente de mantemento
- b) Encargado/a
- c) Inspector/a
- d) Controlador/a

29.- ¿Cal destas funcións non corresponde ao encargado dun aparcadoiro segundo o convenio colectivo de TUSSA?

- a) Control das operacións de cobro
- b) Atender aos clientes sobre reclamación
- c) Custodia das recadacións

d) Confeccionar o cuadrante de quendas

30.- ¿Cantas persoas formas parte da Comisión paritaria segundo o convenio colectivo de TUSSA?

- a) 4 persoas
- b) 6 persoas
- c) 3 persoas
- d) 5 persoas

31.- Considérase falta grave, segundo o convenio colectivo de TUSSA:

- a) Faltar un ou dous días ao traballo, sen causa que o xustifique, durante un período a computar de 30 días.
- b) Faltar ao traballo máis de dous días consecutivos ou catro alternos, sen causa que o xustifique, durante un período a computar de 30 días.
- c) O abuso de autoridade
- d) A falta de aseo ou de limpeza persoal

32.- Considérase falta moi grave, segundo o convenio colectivo de TUSSA:

- a) Calquera alteración ou falsificación de datos persoais ou laborais relativos ao propio traballador/a ou aos/as seus/súas compañeiros/as
- b) A desobediencia continuada ou persistente
- c) Introducir ou facilitar o acceso ao centro de traballo a persoas non autorizadas
- d) Durmir en horas de traballo

33.- Segundo establece o convenio colectivo de TUSSA, a antigüidade percibirase:

- a) Aos quince anos de antigüidade percibirase o 15% sobre o salario base
- b) Aos quince anos de antigüidade percibirase o 25% sobre o salario base
- c) Aos oito anos de antigüidade percibirase o 20% sobre o salario base
- d) Non existe o complemento de antigüidade

34.- Segundo establece o convenio colectivo de TUSSA, os traballadores percibirán:

- a) Dúas pagas extraordinarias en xullo e decembro
- b) Tres pagas extraordinarias en xullo, decembro e marzo
- c) Tres pagas extraordinarias en xuño, decembro e marzo
- d) Dúas pagas extraordinarias en xuño e decembro

35.- Terá a consideración de traballo nocturno, segundo establece o convenio colectivo de TUSSA:

- a) O realizado entre as 22.30 horas e as 6.30 horas da mañá
- b) O realizado entre as 22.00 horas e ás 6.30 horas da mañá
- c) O realizado entre as 22.30 horas e ás 6.00 horas da mañá
- d) O realizado entre as 22.00 horas e ás 6.00 horas da mañá

36.- Os días de vacacións, segundo o convenio colectivo de TUSSA, serán:

- a) 30 días naturais
- b) 32 días naturais
- c) 31 días naturais
- d) 33 días naturais

37.- A sanción aplicable por falta grave no convenio colectivo de TUSSA é:

- a) A suspensión de emprego e soldo de 1 a 10 días
- b) A suspensión de emprego e soldo de 1 a 5 días
- c) A suspensión de emprego e soldo de 1 a 15 días
- d) O despedimento

38.- ¿Cando entrou en vigor o convenio colectivo de TUSSA?

- a) 1 de xaneiro de 2020
- b) 1 de xaneiro de 2021
- c) 1 de xaneiro de 2022
- d) 1 de xaneiro de 2023

39.- Sinala cal destes grupos profesionais é correcto, segundo o establecido no convenio colectivo de TUSSA:

- a) Grupo técnico
- b) Grupo administrativo
- c) Grupo de explotación
- d) Grupo soporte

40.- Cal destas categorías non existe no convenio colectivo de TUSSA?

- a) Axente de aparcadoiro
- b) Axente de depósito
- c) Axente de ORA
- d) Axente de estación

41.- En caso de cambio de domicilio habitual, o traballador terá un permiso retribuído segundo o convenio colectivo de TUSSA, de:

- a) 1 día

- b) 2 días
- c) Non terá permiso retribuído
- d) 2 días naturais no caso de estar fóra da provincia

42.- Sinala cales destes supostos de permiso retribuído non está recollido no convenio colectivo de TUSSA:

- a) Lactación dun fillo menor de nove meses
- b) Matrimonio
- c) Por traslado de domicilio habitual
- d) Divorcio

43.- TUSSA é un organismo dependente de:

- a) A Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela
- b) O Goberno Central e o Concello de Santiago de Compostela
- c) A Xunta de Galicia, o Goberno Central e o Concello de Santiago de Compostela
- d) O Concello de Santiago de Compostela

44.- Que organismo dependente do Concello xestiona a promoción turística de Santiago de Compostela?

- a) Turgalicia
- b) Emuvissa
- c) Incolsa
- d) O Xacobeo

45.- Que censo de poboación presenta actualmente a cidade de Santiago?

- a) Arredor de 100.000 habitantes
- b) Arredor de 150.000 habitantes
- c) Arredor de 250.000 habitantes
- d) Arredor de 200.000 habitantes

46.- Cal dos seguintes museos non se atopa no Concello de Santiago de Compostela?

- a) Museo Centro Gaiás
- b) Museo de Terra Santa
- c) Museo de Arte Sacro
- d) Museo de Arte Clásico



47.- En que rúa se atopa a Biblioteca Pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal?

- a) Rúa do Franco
- b) Rúa da Rosa
- c) Rúa Nova
- d) Avda. de Xoán XXIII

48.- En que rúa se atopa o Centro de Saúde de Concepción Arenal?

- a) Rúa Entrerríos
- b) Rúa Carlos Maside
- c) Rúa de Concepción Arenal
- d) Rúa de Santiago León de Caracas

49.- En que rúa se atopa a Tesourería Xeral da Seguridade Social-Administración núm. 5 de Santiago de Compostela?

- a) Rúa Carlos Briones Varela
- b) Rúa de San Pedro de Mezonzo
- c) Rúa da Acibechería
- d) Rúa de Manuel María

50.- A casa-fachada barroca que completa a Praza de Praterías chámase:

- a) Casa do Deán
- b) Casa do Cabido
- c) Casa da Conga
- d) Casa da Troia

R1.- Cal dos seguintes supostos ten cualificación de falta leve segundo o convenio colectivo de TUSSA?

- a) Cinco faltas de puntualidade nun mes, sen motivo xustificado
- b) A diminución voluntaria e ocasional no rendemento do traballo
- c) A falta de aseo ou de limpeza persoal
- d) Faltar un ou dous días ao traballo, se causa que o xustifique, durante un período a computar de 30 días

R2.- Un aparcadoiro de 950 prazas ten ocupadas 361 delas. ¿Que porcentaxe de prazas lle quedan libres?

- a) 63 %

- b) 62 %
- c) 61 %
- d) 60 %

R3.- O importe dun ticket é de 22,08 € (IVE incluído). Canto é o importe sen IVE, tendo en conta que o IVE dos aparcadoiros é dun 21%?

- a) 18,24
- b) 18,25
- c) 18,26
- d) 18,27

R4.- O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España está formado por:

- a) 12 cidades
- b) 13 cidades
- c) 14 cidades
- d) 15 cidades

R5.- Tussa xestiona áreas de libre estacionamento?

- a) Si
- b) Non
- c) Unicamente as que son de pago
- d) Só para vehículos que veñen doutra instalación de Tussa